



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación  
Educativa**

**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

# Programación Percusión

Mo  
del  
o.  
Pr  
og  
ra  
ma  
ció  
n.  
M.  
D.  
75.  
PR  
O.  
01.  
Ve  
r.  
01

**Curso 2016-2017**



## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Obxectivos das ensinanzas.....</b>	<b>6</b>
2.1	Obxectivos xerais do grao elemental.....	6
2.2	Obxectivos xerais do grao profesional.....	6
2.3	Obxectivos específicos do grao profesional.....	7
<b>3.</b>	<b>Obxectivos específicos.....</b>	<b>8</b>
3.1	Grao elemental.....	8
3.2	Grao profesional.....	8
<b>4.</b>	<b>Metodoloxía.....</b>	<b>9</b>
<b>5.</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>14</b>
<b>6.</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>17</b>
6.1	Educación en valores.....	17
6.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	18
<b>7.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>18</b>
<b>8.</b>	<b>Secuenciación do curso.....</b>	<b>20</b>
Curso: 1º-4º GE e 1º-6ºGP.....		20
8.1	Obxectivos.....	20
8.2	Contidos.....	20
8.3	Avaliación.....	28
8.3.1	Criterios de avaliación.....	30
8.3.2	Mínimos esixibles.....	30
8.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	34
8.3.4	Criterios de cualificación.....	36
8.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	37
8.4	Medidas de recuperación.....	37
8.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	37
8.4.2	Probas extraordinarias de setembro.....	37
8.5	Recursos didácticos.....	37
<b>9.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>53</b>
<b>10.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>	<b>53</b>
<b>ANEXOS.....</b>		<b>55</b>



## 1. Introducción

---

***Os catro cursos que compoñen o grao elemental*** configuran unha etapa de suma importancia para o desenvolvemento do futuro instrumentista, xa que ao longo deste período teñen que quedar sentadas as bases dunha técnica correcta e eficaz e, o que é aínda máis importante, duns conceptos musicais que cristalicen, mediando o tempo necesario para a maduración de todo iso, nunha auténtica conciencia de intérprete.

A problemática da interpretación comeza polo correcto entendemento do texto, un sistema de signos recollidos na partitura que, malia o seu continuo enriquecemento ao longo dos séculos, padece -e ha padecer sempre- irremediabes limitacións para representar o fenómeno musical como algo esencialmente necesitado de recreación, como algo susceptible de ser abordado desde perspectivas subxectivamente diferentes.

Isto, polo pronto, supón a aprendizaxe -que pode ser previa ou simultánea á práctica instrumental- do sistema de signos propio da música, que se emprega para fixar, aínda que só sexa de maneira ás veces aproximativa, os datos esenciais no papel. A tarefa do futuro intérprete consiste, por tanto, en: aprender a ler correctamente a partitura; penetrar, despois, a través da lectura, no sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético; desenvolver, ao mesmo tempo, a destreza necesaria no manexo dun instrumento para que a execución dese texto musical adquira a súa plena dimensión da mensaxe expresivamente significativa.

Unha concepción pedagóxica moderna debe partir dunha premisa: a vocación musical dun cativo ou dunha cativa pode, en numerosísimos casos, quizá na maioría deles, non estar aínda claramente definida, o que esixe de maneira imperativa que a suma de coñecementos teóricos que se lle deben inculcar e as inevitables horas de práctica ás que se verá sometido ou sometida lle sexan presentadas do xeito tan atractivo e estimulante como sexa posible, para se sentiren cun verdadeiro interese na tarefa que se lles propón e, desa maneira, a súa posible incipiente vocación se vexa reforzada.

A evolución intelectual e emocional na idade en que se realizan os estudos de grao elemental -oito a doce anos, aproximadamente- é moi acelerada; iso implica que as formulacións pedagóxicas, tanto no plano xeral da didáctica como no máis concreto e subxectivo da relación persoal entre profesor ou profesora e alumno ou alumna, deben adecuarse constantemente a esa realidade cambiante que é a personalidade deste último, aproveitar ao máximo a gran receptividade que é característica da idade infantil, favorecer o desenvolvemento dos seus dotes innatos, estimular a maduración da súa afectividade e, simultaneamente, pór ao seu alcance os medios que lle permitan exercer a súa crecente capacidade de abstracción.



A música, como toda linguaxe, faise intelixible a través dun proceso máis ou menos dilatado de familiarización que comeza na primeira infancia, moito antes de que o alumno ou a alumna estean na idade e nas condicións precisas para iniciar estudos especializados de grao elemental. Cando chega ese momento, o alumno ou a alumna, impregnados da música que enche sempre o seu contorno, aprenderon xa a recoñecer pola vía intuitiva os elementos desa linguaxe; posúen, en certo modo, as claves que lles permiten «entendela», aínda cando descoñezan as leis que a rexen, mais precisan posuír os medios para poder «falala», e son estes medios os que lles deben proporcionar o ensino do grao elemental. Xunto co adestramento no manexo dos recursos do instrumento elixido -iso que, de maneira máis ou menos apropiada, chamamos «técnica»-, cómpre encamiñar a conciencia do alumno ou da alumna cara a unha comprensión máis profunda do fenómeno musical e das esixencias que suscita a súa interpretación e, para iso, cómpre comezar a facerlles observar os elementos sintácticos sobre os que repousa toda estrutura musical, mesmo nas súas manifestacións máis simples, e que a interpretación está funcionalmente ligada a esa estrutura sintáctica en todos os seus aspectos expresivos ou morfolóxicos (dinámica, agóxica, percepción da unidade dos compoñentes formais e da súa totalidade, é dicir, da forma global). Esta elemental «gramática»

musical non é senón a aplicación concreta ao repertorio de obras que compoñen o programa que o alumnado debe realizar dos coñecementos teóricos adquiridos noutras disciplinas -linguaxe musical, fundamentalmente-, coñecementos que terán que ser ampliados e aprofundados no grao profesional mediante o estudo das disciplinas correspondentes. Neste sentido, é imprescindible que o instrumentista ou a instrumentista aprendan a valorar a importancia que a memoria -o desenvolvemento desa esencial facultade intelectual- ten na súa formación como simple executante e, máis aínda, como intérprete. Convén sinalar que, á marxe desa básica memoria subconsciente, constituída pola inmensa e complexísima rede de accións reflexas, de automatismos sen os cales a execución instrumental sería simplemente impensable, en primeiro lugar só está sabido aquilo que se pode lembrar en todo momento; en segundo lugar, a memorización é un excelente auxiliar no estudio, en canto, entre outras vantaxes, pode supor un considerable aforro de tempo e permite desentenderse nun certo momento da partitura, para centrar toda a atención na correcta solución dos problemas técnicos e nunha realización musical e expresivamente válida e, por último, a memoria xoga un papel de primordial importancia na comprensión unitaria, global, dunha obra, xa que ao desenvolverse esta no tempo, só a memoria permite reconstruír a coherencia e a unidade do seu devir. Para acadar estes obxectivos, o instrumentista ou a instrumentista deben chegar a desenvolver as capacidades específicas que lles permitan alcanzar o máximo dominio das posibilidades de toda orde que lles brinda o instrumento da súa elección e sortear constantemente o perigo de que as devanditas capacidades queden reducidas a unha simple exercitación ximnástica.

**No grao Profesional**, a música é unha arte que en medida parecida á arte dramática necesita esencialmente a presenza dun mediador entre o creador e o público a, que vai destinado o produto artístico: este mediador é o intérprete.



Correspóndelle ao intérprete, nas súas múltiples facetas de instrumentista, cantante, director ou directora, etc., ese traballo de mediación, comezando a problemática do seu labor polo correcto entendemento do texto, un sistema de signos, recollidos na partitura que, malia o seu continuo enriquecemento ao longo dos séculos, padece -e padecerá sempre- de irremediabes limitacións para representar o fenómeno musical como algo esencialmente necesitado de recreación, como algo susceptible de ser abordado desde perspectivas subxectivamente diferentes. O feito interpretativo é, por definición, diverso. E non só pola radical incapacidade da grafía para apresar de maneira total unha realidade -o fenómeno sonoro-temporal en que consiste a música- que se sitúa nun plano totalmente distinto ao da escritura, senón, sobre todo, por ese especial xeito de ser da música, linguaxe expresiva por excelencia, linguaxe dos «afectos», como dicían os vellos mestres do XVII e o XVIII, linguaxe das emocións, que poden ser expresadas con tantos acentos diferentes como artistas capacitados se acheguen a ela para descifrar e transmitir a súa mensaxe.

Isto, polo momento, supón a aprendizaxe -que pode ser previo ou simultáneo coa práctica instrumental do sistema de signos propio da música, que se emprega para fixar, sequera sexa de xeito ás veces aproximativa, os datos esenciais no papel. A tarefa do futuro intérprete consiste, polo tanto, en: aprender a ler correctamente a partitura; penetrar despois, a través da lectura, no sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético, e desenvolver ao propio tempo a destreza necesaria no manexo dun instrumento para que a execución dese texto musical adquira a súa plena dimensión de mensaxe expresivamente significativa para poder transmitir de xeito persuasivo, convincente, a emoción de orde estética que no espírito do intérprete esperta a obra musical cifrada na partitura.

Para acadar estes obxectivos, o instrumentista debe chegar a desenvolver as capacidades específicas que lle permitan alcanzar o máximo dominio das posibilidades de toda orde que lle brinda o instrumento da súa elección, posibilidades que se achan reflectidas na literatura que nos legaron os compositores ao longo dos séculos, toda unha suma de repertorios que, polo demais, non cesa de incrementarse. Ao desenvolvemento desa habilidade, á plena posesión desa destreza no manexo do instrumento é ao que chamamos técnica.

O pleno dominio dos problemas de execución que suscita o repertorio do instrumento é, desde logo, unha tarefa prioritaria para o intérprete, tarefa que, ademais, absorbe un tempo considerable dentro do total de horas dedicadas á súa formación musical global.

De todas as maneiras, terase moi en conta que o traballo técnico, representado por esas horas dedicadas á práctica intensiva do instrumento, debe estar sempre ineludiblemente unidos na mente do intérprete á realidade musical á cal se trata de dar canle, eludindo constantemente o perigo de que queden reducidas a unha mera exercitación ximnástica.

Neste sentido, é necesario, por non dicir imprescindible, que o instrumentista aprenda a valorar a importancia que a memoria -o desenvolvemento desa esencial facultade intelectual- ten na súa formación como mero executante e, máis aínda, como intérprete, ata se na súa práctica profesional normal -instrumentista de orquestra,



grupo de cámara, etc.-non ten necesidade absoluta de tocar sen axuda da parte escrita. Non é este o lugar de abordar en toda a súa extensión a importancia da función da memoria no desenvolvemento das capacidades do intérprete, pero si de sinalar que á marxe desa básica memoria subconsciente constituída pola inmensa e complexísima rede de accións reflexas, de automatismos, sen os cales a execución instrumental sería simplemente impensable, só se sabe aquilo que se pode recordar en todo momento; a memorización é un excelente auxiliar no estudo, por canto, entre outras vantaxes, pode supoñer un considerable aforro de tempo e permite desentenderse nun certo momento da partitura para centrar toda a atención na correcta solución dos problemas técnicos e nunha realización musical e expresivamente válida; a memoria xoga un papel de primordial importancia na comprensión unitaria, global dunha obra, xa que ao desenvolverse esta no tempo, só a memoria permite reconstituír a coherencia e a unidade do seu devir.

A formación e o desenvolvemento da sensibilidade musical constitúen un proceso continuo, alimentado basicamente polo coñecemento cada vez máis amplo e profundo da literatura musical en xeral e a do seu instrumento en particular. A ese desenvolvemento da sensibilidade contribúen tamén naturalmente os estudos doutras disciplinas teórico-prácticas, así como os coñecementos de orde histórica que lle permitirán ao instrumentista situarse na perspectiva adecuada para que as súas interpretacións sexan estilisticamente correctas.

O traballo sobre esas outras disciplinas, que para o instrumentista se poden considerar complementarias, pero non por iso menos imprescindibles, conduce a unha comprensión plena da música como linguaxe, como medio de comunicación que, en canto que tal, se articula e se constitúe a través dunha sintaxe, duns principios estruturais que, aínda que poden ser aprehendidos polo intérprete a través da vía intuitiva nas etapas iniciais da súa formación, non cobran todo o seu valor máis que cando son plena e conscientemente asimilados e incorporados á bagaxe cultural e profesional do intérprete.

Todo iso lévanos a considerar a formación do instrumentista como unha fronte interdisciplinar de considerable amplitude e que supón un longo proceso formativo no cal xogan un importantísimo papel, por unha banda, o cultivo temperán das facultades puramente físicas e psicomotrices e, por outra, a progresiva maduración persoal, emocional e cultural do futuro intérprete.

## **2. Obxectivos das ensinanzas**

---

### **Obxectivos xerais do grao elemental**

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.





- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### **Obxectivos xerais do grao profesional**

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.



h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### 3. Obxectivos específicos

---

#### Grao elemental

O ensino da percusión no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Coñecer as características de todos os instrumentos que constitúen a familia da percusión e as súas posibilidades sonoras para utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na colectiva.
- b) Aplicar unha sensibilidade auditiva que valore por igual, en toda a gama de instrumentos, a esixencia da calidade sonora.
- c) Interpretar un repertorio de conxunto de diferentes estilos adecuado ás dificultades deste nivel.

#### Grao profesional

O ensino da percusión no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Dominar tecnicamente todos os instrumentos da especialidade, así como a coordinación rítmica e motriz que esixe o seu conxunto.
- b) Tocar en grupo sen director ou directora, con precisión rítmica e coñecemento global da obra.
- c) Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: articulación, coordinación entre as dúas mans, dinámica, etc.
- d) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- e) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento
- f) Actuar en público cunha formación de percusión combinada.
- g) Interpretar un repertorio de obras pertencentes a diferentes estilos, e dificultade adecuada a este nivel.





## 4. Metodoloxía

---

Os métodos de ensino son, en gran medida, responsabilidade do profesor, como corresponde a un currículo aberto. A autoridade educativa ofrece unhas directrices xerais encamiñadas á mellor prestación do servizo docente, as cales se concretan segundo as preferencias pedagóxicas de cada profesor. Non existe o método por excelencia, xa que a bondade dos mesmos debe considerarse en función dos resultados que consiga e na adaptación específica que cada alumno/a esixe.

A necesaria individualización do ensino supón a individualización dos métodos. Sen embargo, si que existen certos principios metodolóxicos xerais, que se derivan dos principios psicopedagóxicos sinalados antes e que deben guiar a práctica docente.

O que se pretende fundamentalmente é organizar e ordenar os contidos e actividades de ensino-aprendizaxe que se van expoñer no aula, en función dos obxectivos propostos. Sen embargo as particularidades do ensino da Percusión fan que debamos falar de unidades de traballo flexibles. Nas clases individuais de Percusión é necesario realizar continuas adaptacións en atención á diversidade do alumno/a, estas adaptacións son individuais ou grupais, e en ocasións con carácter significativo ou non, é dicir se eliminamos ou non elementos curriculares. Ao propio tempo levaríamos a cabo actividades de reforzo e/ou ampliación en función das necesidades de cada un. Cada alumno/a ofrece un nivel de desenvolvemento psicomotor, técnico e musical diferenciado, presentando ritmos de aprendizaxe, sensibilidade musical e problemas mecánicos concretos que é necesario atender de modo particular. Non obstante iso non é inconveniente para que poida seguirse unha estruturación do traballo no aula de acordo a un plan previsto para todo o curso.

Os criterios metodolóxicos que incluiremos na presente programación didáctica, serán necesariamente de carácter xeral e iranse concretando en cada unha dos cursos, de acordo á natureza das actividades a realizar.

### **Principios metodolóxicos da programación didáctica.**

Segundo o decreto 203/2007 de 27 de setembro do DOG sobre os principios metodolóxicos di que: deberá promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao superior.

Os principios metodolóxicos, recollidos con carácter xeral nesta programación, serán aplicados en función de diversas variables como: os obxectivos e contidos didácticos abordados en cada curso, o tipo de actividade que se propicia, o tipo de alumno/a ao que se aplicarán segundo as súas necesidades específicas, etc... A seguir imos comentar brevemente os principios metodolóxicos máis relevantes que teremos en conta no desenvolvemento da actividade docente. No momento de aplicar estas liñas metodolóxicas, teranse en conta os criterios para a atención á diversidade, xa que cada alumno/a vai necesitar unha orientación axeitada ás súas características (ver apartado 5):

1.- A actividade de aprendizaxe debe implicar a posibilidade de gozar aprendendo.



- 2.- As actividades han de permitir que o alumno/a aprecie o seu grao inicial de competencia dos contidos que son obxecto de aprendizaxe.
- 3.- O profesor de ser guía e conselleiro das actividades realizadas, nunca debe impoñer un único criterio de traballo, deixando aflorar a interpretación nun plano subxectivo.
- 4.- A técnica non debe ser un fin en si mesmo, é o medio para a execución instrumental.
- 5.- Aprendizaxe funcional, a aplicación práctica do coñecemento adquirido, e a súa conexión con outras aprendizaxes para a adquisición de novos contidos e obxectivos.
- 6.- Memorización progresiva por seccións da totalidade da obra.

- *Partir dos coñecementos previos.*

O ensino ten que partir da realidade do alumno/a, dos seus coñecementos previos e o seu desenvolvemento evolutivo, segundo as etapas de maduración mental nas que se atopan. Disto depende o que non existan disfuncións nos procesos de ensino-aprendizaxe. Non é o profesor, coa súa propia metodoloxía, senón o alumnado que se sitúa no centro do programa educativo. É en función das necesidades e capacidades do alumnado que se organice todo o proceso ensino-aprendizaxe. Así pois baséase o constructivismo que entende a aprendizaxe como un proceso de reconstrución persoal de cada un dos novas aprendizaxes, de cada novo contido. Ao propio tempo, unha idea intimamente ligada ao constructivismo consiste en que o alumno/a aprenda estratexias que lle sirvan para facer novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender (principio de autonomía).

- *Favorecer a motivación do alumno/a.*

O reforzo da motivación considérase fundamental para obter o máximo nivel de implicación do alumnado na súa aprendizaxe. A motivación é capaz de explicar para onde diriximos as nosas accións e a enerxía coa que nos empregamos na realización dunha actividade. Desexar facer algo fai posible a súa aprendizaxe. De tal forma que se logramos que a aprendizaxe resulte pracenteiro, tamén redundará na eficacia da devandita aprendizaxe.

Aínda que moitos dos factores que afectan ao grao de motivación dos alumnos/as son alleos á nosa capacidade de influencia, existen moitos outros de tipo intrínseco sobre os que si podemos intervir.

Algúns dos factores que debemos ter en conta na clase de Percusión para desenvolver a motivación no alumno/a son:

- a) Establecer metas que se correspondan coas capacidades reais do alumno/a, aínda que con suficiente grao de novidade e dificultade como para estimular a súa curiosidade.



- b) As explicacións verbais han de transmitir con claridade o que queremos obter. Debemos descartar o uso de tópicos baleiros, xa que o alumno/a debe ter claro que é o que esperamos que realice.
- c) Estimular o reto da autosuperación, orientando a motivación para factores internos antes que externos.
- d) Desenvolver o pracer da propia escoita durante a interpretación.
- e) Ofrecer frecuentemente información acerca do que o alumno/a realiza (feedback), utilizando reforzos positivos e negativos en función de cada situación.
- f) Tocar diante do alumno/a, ofrecendo exemplo e modelos do que se pretende obter.
- g) Axudar ao alumno/á desenvolver imaxes estéticas que lle guien na interpretación.
- h) Desenvolver actividades en público.

- *Fomentar as aprendizaxes significativas.*

É a aprendizaxe que asegura que os coñecementos adquiridos poderán ser utilizados no futuro. Cada novo coñecemento musical ou habilidade técnica conecta coa bagaxe anterior do alumnado. Éste debe polo tanto aprender a aprender, isto é, saber utilizar por si mesmo os coñecementos e habilidades adquiridos. É necesario distinguir entre o que é capaz de facer e aprender por si mesmo, e o que poida facer con axuda. Débese propiciar o desenvolvemento de estratexias cognitivas por parte do alumnado, que consoliden a súa propia autonomía.

- *Conectar os elementos da técnica coa expresión.*

A atención aos problemas e procedementos técnicos, como algo separado da intención expresiva, só pode entenderse se fai co fin de que análise ou pola necesidade dun adestramento específico de algún dos seus aspectos. Non obstante é necesario integrar ambos extremos, transformando as simples accións mecánicas en movementos significativos, en relación ao fin musical que se pretende conseguir. Deste modo se conseguirá unificar intencións e procedementos nunha unidade de acción que pode ser asumida como propia polo alumno/a.

- *Estimular a actitude analítica para a comprensión global da obra musical.*

A capacidade cognitiva do alumno/a que ingresa no 6º curso de grao profesional permite o recoñecemento e análise por separado de cada un dos elementos básicos do fenómeno musica. Desde este momento é necesario orientar o estudio desde unha actitude analítica, tratando de relacionar a partitura co fenómeno musical que encerra, de acordo á época na que foi escrita.



### **Estratexias metodolóxicas.**

No deseño das estratexias didácticas non é posible atopar un modelo universal aplicable a todos os profesores e a todas as realidades educativas. A formulación de orientacións metodolóxicas debe facerse tendo en conta seu flexibilidade á hora de levalos á práctica. En realidade todas elas son compatibles entre si, e a súa aplicación dependerá das características especiais dos distintos contidos a tratar, das particularidades do alumno/a e de que sexan levadas a cabo nas clases individuais ou nas colectivas.

En función do seu grao de intervención do profesor, o seu grao de influencia e a súa valoración sobre o ensino en si mesma podemos distinguir diversos métodos:

- Métodos segundo o seu grao de intervención:

a) Método didáctico, que empregamos cando o profesor di exactamente o que hai que facer e como facelo e o alumno/a límitase a tratar de seguir as súas instrucións.

b) Método dialéctico, é o que xorde da conversa e o intercambio entre profesor e alumno/a, ben sexa verbalmente ou a través da imitación musical do que o propio profesor toque no instrumento de percusión.

- Métodos segundo o seu grao de influencia

a) Método impositivo, como manifestación de autoridade do profesor, é un modelo vello que só pode ter sentido en momentos puntuais.

b) Método propositivo, que é aquel polo profesor non impón senón que propón, razoando as causas e mostrando as diferencias entre distintas opcións.

c) Método expositivo, consistente en que o profesor expón ideas e conceptos necesarios e que polo tanto non necesitan da aceptación do alumno/a, senón sinxelamente da súa comprensión.

- Métodos segundo a súa valoración sobre o ensino en si mesma

a) O método escéptico, é o que se vale do formulación de dúbidas por parte do profesor e deixa ao alumno/a que extraia as súas propias conclusións.

b) Método crítico, baseado na valoración do que fai o alumno/a. Probablemente é o método máis utilizado no ensino tradicional da percusión: o alumno/a trae a obra aprendida e o profesor a corrixe.

### **Recursos Materiais.**

Os materiais necesarios para desenvolver esta programación didáctica son:

- Instrumentos da aula de percusión (marimba, caixa, batería, dous timbais e diversos instrumentos para set-up).
- Partituras e métodos (especificados na secuenciación do currículo).



- Reproductor de audio e/ou vídeo para ver/oír as propias gravacións, e incluso ver outras doutros compañeiros/as ou grandes intérpretes.

Gravadora de audio ou cámara de vídeo para as posibles gravacións particulares, co posterior análise e debate na clase.

- Recursos auxiliares da aula: lousa, metrónomo, bandexas, claves para regular a tensión das membranas.
- Atrís, tallos e unha mesa.
- Bibliografía e discoteca básica específica de percusión.

### Actividades de tutoría

Un elemento fundamental na determinación e orientación e estas medidas de adaptación reside na acción titorial. O profesor de percusión, como titor do alumno, deberá orientar e asesorar permanentemente ao alumno, detectando os problemas e inquietudes que poida manifestar. A solución de moitos dos problemas musicais deben ser abordados en colaboración con outros profesores implicados na súa formación, por exemplo o de linguaxe musical, polo que é necesario manter a comunicación cos mesmos. Deste modo tamén poden obterse datos relevantes que permitan reorientar a actividade formativa e practicar as adaptacións que sexan necesarias.

Unha das responsabilidades da acción titorial é tamén a de manter un contacto fluído cos pais, acerca de calquera particularidade que poida influír sobre o proceso de aprendizaxe. Isto inclúe a coordinación dos tempos de traballo na casa, a dispoñibilidade ou non de tempo e dun instrumento adecuado e en boas condicións, a verificación dos factores positivos ou negativos que poden afectar á motivación do alumno na súa familia, etc. Para levar a cabo as titorías dispórase de dúas horas semanais, cuxa horario se fará público ao principio de curso, unha destinada á atención dos pais, e outra á atención dos alumnos.

Trazos de diversidade do alumnado: tipoloxía xenérica. Para aplicar as medidas de adaptación máis convenientes, faise necesario realizar unha avaliación inicial que nos permita identificar os trazos de diversidade que nos servirán de referencia para organizar e interpretar correctamente esta información. En función da diversidade, podemos establecer unha tipoloxía xenérica de alumnado, atendendo a tres criterios específicos:

1) En función do seu diferente nivel musical, podemos atopar o alumno/a intermedio, que é aquel que asimila con corrección os contidos e que é capaz de demostralo na interpretación do repertorio. En segundo lugar, o alumno/a avanzado, que é aquel que está dotado dunhas capacidades por encima do previsto para o seu nivel, que demostra unha capacidade comunicativa durante a interpretación e é capaz de achar solucións técnicas e expresivas correctas por propia iniciativa. E por último o alumno/a que presenta dificultades, que é aquel que asimila os contidos a un ritmo menor ao previsto, disocian os aspectos técnicos dos expresivos.

2) En función do seu diferente actitude e interese para os seus estudos e formación musical, podemos atopar o alumno/a motivado, que presenta unha actitude positiva



para a aprendizaxe, non precisando dunha motivación non persoal para conseguir un ritmo adecuado de traballo no aula e na casa. Son alumnos que finalizan convenientemente o grao profesional e que adoitan presentarse ás probas de grao superior. E o alumno/a con baixo interese, que considera a súa asistencia ás clases como unha actividade máis de tipo extraescolar en relación aos seus estudos obrigatorios de Primaria ou Secundaria. É conveniente observar a correspondencia ou non desta actitude coa da súa familia. Normalmente, estes son alumno que non finalizan en grao profesional ou que, de conseguilo, non teñen intención de continuar estudos de grao superior.

3) En función do grao de adaptación segundo as súas condicións físicas, podemos atopar o alumno/a medio, que non presenta ningunha disfunción de tipo físico ou psicomotriz. O alumno/a que pode presentar particularidades ou disfuncións físicas: entre os que poderemos atopar alumnos/as con algunha deficiencia física significativa (lesiões, visión escasa ou nula, problemas de coordinación motriz), ou leve que lle poidan condicionar o normal desenvolvemento das súas capacidades técnico-interpretativas (man pequena, lonxitude de extremidades non axeitadas, desviacións da columna, hipertensión muscular).

### Calibración

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente. Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

## 5. Atención á diversidade

O ensino da Percusión require dunha constante adaptación por parte do profesor ás condicións específicas de cada alumno co fin de dar unha resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades. É o que se denomina atención á diversidade e que no ensino da Percusión pode manifestarse tanto a través das características física dos alumnos (por exemplo, a altura dun alumno), como nos seus coñecementos previos ou as distintas aptitudes que manifestas, sexan mecánicas ou expresivas. Por esta razón, no desenvolvemento das clases previstas poderán adaptarse ou engadirse as actividades diferentes que se consideren oportunas. Do mesmo modo podería cumprir retomar ou prolongar o traballo dalgún aspecto determinado ata a súa correcta asimilación. A partir da programación didáctica elaborada polo departamento, cada profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades.

Trazos de diversidade do alumnado: **tipoloxía xenérica**





Para aplicar as medidas de adaptación máis convenientes, faise necesario realizar unha avaliación inicial que nos permita identificar os trazos de diversidade que nos servirán de referencia para organizar e interpretar correctamente esta información. En función da diversidade, podemos establecer unha tipoloxía xenérica de alumnado, atendendo a tres criterios específicos:

1) En función do seu diferente nivel musical, podemos atopar o alumno/a intermedio, que é aquel que asimila con corrección os contidos e que é capaz de demostralo na interpretación do repertorio. En segundo lugar, o alumno/a avanzado, que é aquel que está dotado dunhas capacidades por encima do previsto para o seu nivel, que demostra unha capacidade comunicativa durante a interpretación e é capaz de achar solucións técnicas e expresivas correctas por propia iniciativa. E por último o alumno/a que presenta dificultades, que é aquel que asimila os contidos a un ritmo menor ao previsto, disocian os aspectos técnicos dos expresivos.

2) En función do seu diferente actitude e interese para os seus estudos e formación musical, podemos atopar o alumno/a motivado, que presenta unha actitude positiva para a aprendizaxe, non precisando dunha motivación non persoal para conseguir un ritmo adecuado de traballo no aula e na casa. Son alumnos que finalizan convenientemente o grao profesional e que adoitan presentarse ás probas de grao superior. E o alumno/a con baixo interese, que considera a súa asistencia ás clases como unha actividade máis de tipo extraescolar en relación aos seus estudos obrigatorios de Primaria ou Secundaria. É conveniente observar a correspondencia ou non desta actitude coa da súa familia. Normalmente, estes son alumno que non finalizan en grao profesional ou que, de conseguilo, non teñen intención de continuar estudos de grao superior.

3) En función do grao de adaptación segundo as súas condicións físicas, podemos atopar o alumno/a medio, que non presenta ningunha disfunción de tipo físico ou psicomotriz. O alumno/a que pode presentar particularidades ou disfuncións físicas: entre os que poderemos atopar alumnos/as con algunha deficiencia física significativa (lesiões, visión escasa ou nula, problemas de coordinación motriz), ou leve que lle poidan condicionar o normal desenvolvemento das súas capacidades técnico-interpretativas (man pequena, lonxitude de extremidades non axeitadas, desviacións da columna, hipertensión muscular).

### ***Adaptación didáctica para a atención á diversidade***

Algunhas dificultades específicas adoitan arrastrarse durante anos se non se atenden axeitadamente. Delas derívanse moitos problemas que non poden ser corrixidos directamente se non se detecta a raíz. Algúns destes problemas que o profesor pode atopar nun alumno/a de Percusión son as seguintes (a presente relación non pretende ser exhaustiva senón só unha aproximación a algúns dos problemas de tipo xeral):

- Man mal estruturada.
- Excesiva tensión na costas e ombreiros.
- Movementos parasitos en distintas partes do corpo.





- disfuncións na articulación dos dedos da man ou do brazo dereito ou esquerdo.
- Detencións e repeticións inconscientes durante a interpretación.
- Dificultades para manter o tempo nos cambios de figuración.
- Dificultades na coordinación de ambas mans.

A problemática que presenta a diversidade de niveis dos alumnos/as maniféstase nas clases grupais. En estas, é posible realizar unha adaptación precisa. A tal fin é recomendable elaborar unha gama de distintos materiais didácticos para unha mesma actividade, graduados pola súa complexidade. No que fai á elección do repertorio e co fin de atender á diversidade, terase en conta que os mesmos contidos se poden atopar en distintos estudos e obras do repertorio. É conveniente ampliar ao máximo o abano de cancións onde elixir. A elección dunhas ou outras estará en función da súa dificultade global, pero tamén se terá en conta que xunto aos contidos que se pretende traballar poderán integrarse outros novos aínda non tratados, ou remitir a outros xa superados.

### **Actividades de reforzo e ampliación**

Para o deseño das actividades de reforzo, deberá axeitarse a cada caso en particular, aínda que poderíamos partir duns criterios xerais como referencia:

- 1) Realizar un diagnóstico que determine as carencias específicas que se trata de reforzar. A solución non está simplemente en pedir ao alumno/a que realice un maior esforzo, senón detectar a causa da súa demora e intentar solucionar a través de explicacións dito problema.
- 2) Adaptar o nivel de dificultade ás capacidades obxectivas do alumno. Aínda que sempre se propoñen metas que están un pouco máis alá das posibilidades do alumno/a, sempre habemos de revisar que este feito produce a motivación esperada e non o contrario, para que así o alumno progrese de forma correcta.
- 3) En ocasións é conveniente un troco de metodoloxía (axudarlle a programar o estudio na casa, propiciar unha maior iniciativa do seu parte, axudarlle a mellorar o seu amor propio, ofrecer menor cantidade de información pero máis precisa, etc...).

Tamén é necesario programar actividade de ampliación para aqueles alumnos/as que mostran unhas capacidades superiores ao nivel considerado óptimo. Moitos destes alumnos/as están incluso dotados dun gran talento. Polo tanto, reducir o seu ritmo de progreso ao da media dos seus compañeiros pode frear as súas verdadeiras posibilidades. Esta circunstancia ten que estar prevista nunha programación didáctica, e por iso, propoñemos tamén uns **criterios de referencia**:

- 1) Non sobreestimar as capacidades reais do alumno/a. Para non esixirlle máis do que realmente están preparados para obter. En ocasións o profesor embarca expectativas demasiado ambiciosas neste tipo de alumnos/as, o que pode derivar en estados de tensión muscular, agobio e finalmente esgotamento e rexeitamento.



- 2) Non manifestar unha preferencia ostensible para estes alumnos/as en presenza dos demais, porque pode desenvolver neles unha imaxe distorsionada das súas posibilidades reais.
- 3) Dar maior importancia ao logro de obxectivos musicais propostos que á consecución de metas externas (como o éxito persoal ou as recompensas materiais).
- 4) Ter sempre en conta o nivel de coñecementos do alumno/a no plano interpretativo, xa que non se trata simplemente de “tocar” cancións de maior dificultade, senón de asegurar unha correcta asimilación e un progreso coherente, integrando capacidades mecánicas, cognitivas e expresivas.
- 5) Propiciar a súa intervención en recitais públicos, como medio para manter a motivación, fixar obxectivos concretos e organizar o traballo de modo efectivo.

## 6. Temas transversais

---

É innegable o feito de que a Percusión é un elemento cruce que contribúe ao desenvolvemento do intelecto grazas á súa consideración como ciencia e arte, e que ten uns indubidables efectos emocionais e afectivos que inflúen na expresión persoal e na relación cos semellantes.

Por iso é necesario recoller unha serie de ideas implementadas dentro duns parámetros musicais que complementen o desenvolvemento do equilibrio persoal e a formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto cara aos demais e cara á contorna.

Estas calidades intrínsecas da práctica e o coñecemento da Percusión concréntanse do seguinte modo nos eixos transversais do Currículo:

### Educación en valores

**Educación moral e cívica e educación para a paz.** A través de de o fomento de actividades grupales e do coñecementos de distintas manifestacións culturais musicais poténciase a aceptación e recoñecemento dos demais, propiciando a tolerancia e o respecto mútuo.

**A educación para a saúde.** Resulta innegable que a práctica da música contribúe ao establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que iso fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, buscando a creación de novas vías de comunicación e unha tendencia para conseguir unha contorna que contribúa ao benestar.

**A igualdade entre ambos os sexos.** É necesario fomentar ao alumnado a idea de igualdade entre os sexos e o papel fundamental da muller na sociedade actual. Por iso os materiais deste Proxecto non inducen a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo en calquera das actividades programadas.

**Educación do consumidor.** É indispensable desenvolver no alumnado a idea de ser un consumidor responsable dentro dun mercado marcado polo consumo da música con fins lucrativos. Por iso as actividades programadas buscan desenvolver no



alumnado criterios de madurez e de selección que lle permita consumir de forma libre e razoada.

